

## Máis info e matrícula

982 821 513 / cultura.lugo@usc.es

### Soundpainting

O *soundpainting* é unha linguaxe de signos aplicada á improvisación. A directora ou *soundpainter* compón ao vivo pezas improvisadas multidisciplinarymente e de xeito colectivo. Multidisciplinario, porque se ben comezou nos anos 70 aplicado á música, hoxe en día utilízase en case calquera expresión artística: movemento, artes plásticas e visuais, teatro, literatura, performance, etc...

Neste obradoiro faremos unha inmersión lingüística no *soundpainting*, descubriendo unha visión absolutamente enriquecedora e liberadora da improvisación. Para min, como músico, creador ou artista, o *soundpainting* foi un punto de inflexión na miña forma de relacionarme co instrumento, coa improvisación, cos meus prexuízos, límites e bloqueos. A improvisación é a solución!

**Imparte** → Xacobe Martínez Antelo

**Datas** → 4, 11 e 25 de abril

## OBRADOIROS

### A improvisación musical. Xénese e desenvolvemento dunha obra (seminario)


A partir de obras concretas analizarase o proceso de creación sonora tendo como fonte a improvisación. Desde unha idea descritiva ou dramática desenvólvense materias sonoras capaces de conformar unha estrutura musical. Os temas e contratemas traballaranse nun sentido amplo.

**Imparte** → Inmaculada Cárdenas

**Datas** → Sábado 4 de maio



LUGO CULTURAL



**11SONSCREATIVOS**  
Aula de creación musical  
e experimentación sonora



[www.lugocultural.gal](http://www.lugocultural.gal)

# Aula de creación musical e experimentación sonora

Dende hai un tempo vimos desenvolvendo unha serie de actividades formativas dentro do festival **Sons Creativos**, e este ano queremos darlles máis protagonismo a estes contidos creando un programa integral que inclúe tres obradoiros intensivos: dous que continúan afondando nas metodoloxías iniciadas na pasada edición relativas á improvisación multidisciplinar (*soundpanting*) e á experimentación vocal, e unha nova proposta que nos achegará de xeito práctico e teórico ás estéticas da música dende as vangardas á actualidade.

## Profesores

- Efraím Díaz
- Mónica Álvarez
- Xacobe Martínez
- Inmaculada Cárdenas

## Coordina

Xoán-Xil López Rodríguez  
www.unruidosecreto.net

## Lugar

Escola Municipal de Música de Lugo  
Centro de Convivencia Uxío Novoneyra  
Rúa Quiroga Ballesteros s/n - Lugo

A Escola de Música é un espazo que desenvolve unha importante labor na vida musical da cidade de Lugo. Dende a pasada edición dos Sons Creativos vimos colaborando con eles xa que creemos que é unha forma de expandir as actividades realizadas pola USC máis alá da comunidade universitaria dándolle unha dimensión máis ampla.

A Escola de Música colabora economicamente coa financiación dun dos obradoiros, así como poñendo á nosa disposición o equipamento necesario para levar acabo as actividades nas mellores condicións (aulas apropiadas para práctica musical e unha gran variedade de instrumentos cos que poder traballar nos obradoiros de improvisación).

## Día

Xoves

## Horario

16:30 a 20:30 h

## Datas

- 21 e 28 de febreiro
- 7, 14, 21 e 28 de marzo
- 4, 11 e 25 de abril
- Sábado 4 de maio

## Prazas limitadas

Máximo 18 alumnos.

Selección por orde de inscrición.

## Prezo da matrícula

- 30 euros taxa xeral
- Gratuita para alumnos da universidade e alumnos da Escola de Música.

Os obradoiros rematarán cun concerto o domingo **5 de maio** dentro da programación do festival Sons Creativos, que terá lugar no Vello Cárcere.

# OBRADOIROS

## Aproximacións á práctica da música experimental

A través de varias obras, descubrirase a historia da música experimental tomando como referencia diversos fitos. Partindo da práctica musical, adaptarase este repertorio dende unha ollada actual para poder recrealo no contexto do obradoiro.

Traballarase sobre tres temáticas:

- De Luigi Russolo a Espacio Permeable. Dos Intonarrumori ás esculturas sonoras.
- Música concreta, electroacústica e paisaxe sonora.
- Da aleatoriedade ao minimalismo.

**Imparte** → Efraím Díaz

**Datas** → 21 e 28 febreiro e 7 de marzo

## A voz e a exploración sonora

Como receptores e transmisores de sons, os seres humanos convertémonos en produtores e reprodutores de infinidade de sonoridades sen necesidade de ferramentas ou interfaces extracorporais. Somos unha presenza sonora que sitúa a nosa posición espazo temporal.

**Imparte** → Mónica Álvarez

**Datas** → 14, 21 e 28 de marzo